



Estimado Sr/a Presidente/a:

O club que presido, A Estrada Futsal, organiza o vineiro Martes 17 de Maio de 2016 (Día das Letras Galegas) un torneo de fútbol sala para as categorías alevín e infantil.

Como ben sabe, A Estrada é unha vila cunha gran tradición en este fermoso deporte e dende fai tres anos, teño a honra de presidir un equipo directivo dinámico e coa única misión de devolver á nosa vila ó lugar que conquistou, por historia, no fútbol sala galego.

A peza fundamental para conseguir este fito, é consolidar unhas categorías base que formen o futuro próspero do noso neonato club. Por iso centramos os nosos esforzos nesta campaña 2015-2016, na creación dunha escola de fútbol sala que na actualidade conta con equipos competindo en categoría infantil e alevín.

Este torneo que organizamos é unha peza máis na construción deste proxecto, e sería unha honra para nós contar coa presenza dos seus equipos, das citadas categorías, competindo nas tres pistas simultáneas nas que disputarán os encontros.

Por motivos organizativos, precisamos que nos confirme a súa participación o antes posible, recordándolle que nas propias instalacións contarán con todas as comodidades necesarias para que tanto os nenos como as súa familias disfruten dunha especial xornada de deporte, dende as comodidades deportivas (vestiarios, duchas...) ata o servizo de café, bar e restaurante.

CONVIDÁMOLO A PARTICIPAR NO TORNEO O:

- DÍA: **17 DE MAIO DE 2016.**
- HORA: **A PARTIR DAS 10:00 h.**
- LUGAR: **PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES "M. COTO FERREIRO".**

Como anexo a esta carta, adxunto as bases do torneo e a ficha de inscrición.

O PRESIDENTE DE AESTRADA FUTSAL

José Manuel Reboredo Baños